
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 13 DE NOVEMBRO DE 2014,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Proxecto de Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia.

DECRETOS

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Decreto polo que se dispón que cese Santiago Villanueva Álvarez como director xeral de Emerxencias e Interior.
- Decreto polo que se nomea director xeral de Emerxencias e Interior a Luis Menor Pérez.
- Decreto polo que se modifica o Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se crea e se regula o Rexistro de Parellas de Feito de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade de Santiago de Compostela para o Programa de Estabilización 2014-2018, por importe total de cincocentos setenta e oito mil trescentos trinta e dous euros (578.332,00 euros).



INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o Plan de sistemas TIC da Administración de Xustiza en Galicia SENDA 2014 - Balance de Execución 2010-2014.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre o Convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Universidade da Coruña para a aplicación de descontos a estudantes da Universidade da Coruña no eido do Plan de transporte metropolitano de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre préstamos directos concedidos no marco do Programa Galicia 1000, liña IGAPE-JEREMIE.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o programa galego de atención a pacientes polimedicados.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Informe sobre a necesidade dunha acción coordinada da Xunta de Galicia en relación coa comercialización de produtos agroalimentarios sen etiquetar.



AS PARCELAS RÚSTICAS VENDIDAS, HERDADAS OU CEDIDAS AO BANCO DE TERRAS PODERÁN OBTENIR UNHA DEDUCCIÓN FISCAL DE ATA O 100% SE SON DESTINADAS Á EXPLOTACIÓN AGRARIA

- ***É unha das novidades que recolle o texto definitivo da Lei de mellora da estrutura agraria (METAGA) aprobado polo Consello da Xunta***
- ***A lei amplía os beneficios fiscais ás transmisións non só de explotacións agrarias enteiras, senón tamén de predios rústicos soltos***
- ***A METAGA persegue a reestruturación das parcelas agrarias fomentando o seu aproveitamento e a produtividade do terreo***
- ***O texto legal non se centra só en reducir o número de predios senón que atende a criterios de rendibilidade dos terreos***

A futura Lei de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia (METAGA) introducirá mecanismos fiscais de dedución para as transmisións por herdanza ou vendas e doazóns *inter vivos*. O texto legal recolle que os predios rústicos soltos, se son herdados, poderán contar cunha redución do 99% se son transmitidos a unha explotación agraria cun agricultor profesional ao fronte ou se son incorporados ao Banco de Terras. Antes, esta dedución era de aplicación só para as explotacións agrarias mentres que agora sería de aplicación tamén para as parcelas rústicas.

O mesmo ocorre no caso dunha cesión ou venda *inter vivos* de xeito que se aplicaríase a mesma dedución co mesmo condicionante que no anterior caso. Tamén as transmisións en propiedade ou a cesión temporal de terreos integrantes do Banco de Terras de Galicia contarán cunha dedución na cota tributaria no imposto de transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, neste caso do 100%.

Esta novidade aparece recollida no texto definitivo do anteproxecto de Lei que aprobou o Consello da Xunta na súa reunión de hoxe. Este novo texto legal representa un salto cualitativo en canto á reestruturación do agro galego, poñendo a terra con vocación agraria en valor e fomentando que se xere riqueza a través da optimización do seu uso.

A nova norma persegue a simplificación e axilización dos procesos de concentración parcelaria ao tempo que persegue unha reestruturación das parcelas agrarias fomentando o seu aproveitamento e a produtividade do terreo. Supón unha concepción máis moderna da mellora das estruturas, orientada a favorecer o desenvolvemento económico das explotacións e vai máis aló do que supoñía ata o de agora a simple concentración de parcelas.

Partiuse do feito de que coa actual Lei de concentración parcelaria se alonga demasiado no tempo o proceso de agrupación de terreos e se centra esencialmente na diminución do número de parcelas. Por iso se deseñou un texto que fomenta a



reestruturación dos predios atendendo a criterios de mellora da rendibilidade das explotacións simplificando o procedemento, reducindo o número de fases, mellorando o sistema de entrega e o de tramitación e diminuindo sensiblemente tanto os custos como os prazos de execución. A nova lei priorizará tamén os aproveitamentos en común e favorecerá, así mesmo, a participación pública no proceso introducindo novas formas de participación como os comités técnicos asesores que coordinarán aos distintos axentes implicados nos procedementos de reestruturación.

Loita contra o abandono

No eido da loita contra o abandono no rural, esta lei vai un paso máis aló e incorpora a maiores a reestruturación parcelaria mediante permutas de predios entre titulares de predios de vocación agraria. Distingue tamén facer as permutas sen cambio na forma das parcelas ou modificando a súa xeometría, de xeito que se incremente a efectividade da transformación e dando como resultado unha mellora na posta en cultivo.

Por outro lado, ademais de promover que os predios de particulares en evidente estado de abandono deban pasar ao Banco de Terras, deban ser alugados ou postos en produción, vaise permitir mobilizar os predios xa concentrados que estean tamén nesta situación. Deste xeito, aqueles interesados na posta en produción dunha destas zonas poderá denunciálo ante a Administración dando pé a poñer en marcha os mecanismos de posta en valor desa terra. De non facelo, exporíanse ás correspondentes sancións recollidas na Lei de mobilidade de terras. Por outra banda, tamén a Xunta poderá actuar de oficio naquelas zonas que detecte en estado de abandono e que teñan evidente interese agrario para a súa posta en produción ou perigo ambiental como é o caso dos incendios forestais.



O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A LUIS MENOR COMA NOVO DIRECTOR XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR EN SUBSTITUCIÓN DE SANTIAGO VILLANUEVA

O Consello da Xunta nomeou esta mañá a Luis Menor Pérez coma novo director xeral de Emerxencias e Interior en substitución de Santiago Villanueva, cuxo cesamento tamén se produciu hoxe en Consello.

Nacido en Pereiro de Aguiar en 1964, Luis Menor é licenciado en Dereito e diplomado en estudos avanzados na especialidade de Dereito Penal e Criminoloxía, así coma Diplomado en Educación. Máster en xestión e dirección de Recursos Humanos e Técnico Superior de riscos laborais. Na actualidade, desempeñaba o cargo de secretario territorial da Xunta en Ourense, onde anteriormente foi xefe territorial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Nas funcións da Dirección Xeral que asume agora englobanse as Emerxencias, Protección Civil, Seguridade, Interior, Xogo e Espectáculos da nosa Comunidade, ademais da Policía Autonómica e a colaboración coas forzas e corpos de seguridade do Estado.



A XUNTA MODIFICA O DECRETO DE PARELLAS DE FEITO EN ARAS DUNHA MAIOR SEGURIDADE XURÍDICA

- ***Coa modificación do actual decreto, o Goberno galego adopta as medidas necesarias para combater calquera tipo de fraude***
- ***Os responsables do Rexistro estarán facultados para recabar a información necesaria para realizar a inscrición co fin de asegurar a súa veracidade***
- ***Ambos os membros terán que acudir de forma presencial a inscribirse no Rexistro***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o decreto que modifica o Decreto 248/2007, que crea e regula o rexistro de parellas de feito de Galicia para unha maior seguridade xurídica e para evitar a fraude nas inscricións de parellas de feito na nosa comunidade.

Mediante esta modificación ambos os membros deberán expoñer a súa vontade de constituír parella de maneira presencial ante a persoa encargada do rexistro; poderanse realizar actuacións de oficio conducentes a verificar o cumprimento dos requisitos exixidos, contemplando a posibilidade de recabar información doutras administracións públicas; e poderán cancelarse de oficio aquelas inscricións cando conste un incumprimento tanto do requisito da convivencia, como falsidade ou inexactitude dos datos da inscrición.

Así, a Xunta, ante as diversas situacións de fraude advertidas para obter beneficios ilexítimos a través das inscricións nos distintos rexistros de parellas de feito existentes, destaca a importancia da presente reforma co obxectivo de garantir plenamente a seguridade xurídica na salvagarda dos intereses xerais, adoptando as medidas necesarias para combater calquera tipo de fraude e para evitar a realización de actos que persigan un resultado prohibido polo ordenamento xurídico.

Mediante esta modificación simplifícase a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e foméntase a utilización de medios electrónicos. Os encargados de cada xefatura territorial serán funcionarios da Administración autonómica con grao ou licenciatura en dereito. A persoa titular da xefatura territorial da consellería competente en materia de xustiza estará facultada para realizar de oficio cantas actuacións sexan necesarias para verificar o cumprimento dos requisitos exixidos para a inscrición no Rexistro de Parellas de Feito, podendo recadar a colaboración tanto das entidades do sector público autonómico como dos órganos doutras administracións públicas, e serán os encargados de practicar ou denegar a inscrición solicitada.

Requisitos das solicitudes de inscrición

As solicitudes de inscrición como parella de feito presentaranse no modelo oficial e deberán conter co nome e apelidos de cada un dos membros da parella; DNI de cada



un dos solicitantes que teñan nacionalidade española ou designación do documento equivalente; data de nacemento; nacionalidade; estado civil; fillos e fillas de cada un; domicilio da parella e lugar e data de presentación da solicitude.

As solicitudes de inscrición deberán ir acompañadas de declaracións responsables de ambos de non ter constituída parella de feito con outra persoa, de non ter relación de parentesco en liña recta por consanguinidade ou adopción nin colateral por consanguinidade ou adopción ata o terceiro grao, e de non estar incapacitados para prestar o seu consentimento para constituír unha parella de feito, debidamente asinadas polos dous membros da parella. As solicitudes de inscrición poderán ir acompañadas dun pacto regulador das relacións económicas e patrimoniais da parella, o cal se deberá establecer en escritura pública e aparecer indicado na propia solicitude.

Cancelación no Rexistro

Introdúcese unha regulación máis completa da cancelación da inscrición, de maneira que se poderá proceder á cancelación de oficio cando conste que a parella de feito non reúne os requisitos necesarios para manter a súa inscrición e no suposto da comprobación de falsidade ou inexactitude nos datos achegados.



O APOIO DA CONSELLERÍA DE CULTURA E EDUCACIÓN PERMITIU QUE 79 INVESTIGADORES OBTIVISEN UN CONTRATO INDEFINIDO NOS ÚLTIMOS TRES ANOS, LOGO DA INCORPORACIÓN DOUTROS TRES DO PROGRAMA *STARTING GRANT* NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

- *O departamento de Xesús Vázquez Abad asinará un acordo co reitor compostelán polo que financiará con preto de 580.000 euros a contratación destes tres investigadores como profesores titulares da USC*
- *A axuda da Consellería de Educación abrangue o salario destes investigadores por un período de cinco anos, cun custo cero para a Universidade*
- *Iniciativas coma esta fomentan a excelencia científica dentro do sistema galego de I+D+i creando oportunidades para que investigadores mozos con ideas innovadoras poidan converterse en líderes de grupos de investigación*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará un total de 578.332 euros ao financiamento do Programa de Estabilización 2014-2018 coa Universidade de Santiago de Compostela para a contratación de tres investigadores do Programa Starting Grant (StG) durante un período de cinco anos. Deste xeito, a axuda do departamento de Educación do Goberno galego cobre a totalidade dos gastos salariais destes investigadores, o que supón un custo cero para a USC.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre o departamento que dirixe Xesús Vázquez Abad e o reitor da USC, Juan Manuel Viaño, para o fomento de accións que incentiven a permanencia de investigadores de excelencia acreditada por teren participado no Programa Starting Grant (StG). Ao abeiro do dito convenio, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria achegará unha axuda para a contratación, durante o período 2014-2018, dos tres investigadores do Sistema Universitario de Galicia (SUG) que foron beneficiados do Programa StG e que se estabilizaron na categoría de profesor titular na USC.

Coa incorporación destes tres investigadores do Plan de estabilización deste ano na USC son xa un total de 79 os que, grazas ao apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, se estabilizaron como tales nas universidades do Sistema Universitario Galego (SUG) nos últimos tres anos, e sen que a súa incorporación comportase carga orzamentaria ningunha para as propias universidades. Trátase de 63 investigadores dos Plans de Estabilización asinados desde 2011 e outros 16 do Ramón y Cajal.

Cómpre lembrar que o Programa StG está impulsado polo ERC (Consello Europeo de Investigación) e vai destinado á creación de grupos de investigación independentes cun investigador principal (con título de doutor e experiencia de entre 2 e 7 anos) de xeito



que é unha oportunidade para que os investigadores mozos con boas ideas se poidan converter en líderes de grupos de investigación.

Por tanto, estes programas están dirixidos a investigadores cun perfil que lles identifique como líderes no seu ámbito de investigación, cun único criterio de avaliación que é a excelencia científica do investigador.

Captación e retención do talento

Esta iniciativa enmárcase dentro do Plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015, que ten como finalidade, entre outras, a captación, formación e retención do talento. O Goberno da Xunta considera que a captación e retención do mellor talento científico e innovador é esencial para fortalecer o sistema público de investigación galego.

O obxectivo deste programa é fomentar a incorporación estable de profesores-investigadores cunha traxectoria investigadora destacada nas universidades de Galicia e así propiciar a retención de investigadores de recoñecida experiencia, para a súa incorporación ao sistema galego de ciencia.

Mediante esta acción pioneira no Estado, a Xunta achega a contía para cada un deste postos de traballo durante 5 anos (2014-2018) equivalente ás retribucións dun profesor/a titular de universidade.



O PLAN SENDA DA XUNTA ACADA O SALTO CUALITATIVO NA MODERNIZACIÓN DA XUSTIZA GALEGA PARA ABORDAR O EXPEDIENTE XUDICIAL ELECTRÓNICO

- **No primeiro trimestre de 2015 aprobárase o novo Plan Senda 2015-2020**
- **A Administración autonómica investiu 23,4 millóns de euros desde 2009 na mellora dos equipamentos e as infraestruturas tecnolóxicas do ámbito xudicial galego**
- **Renováronse todos os servidores das sedes xudiciais, realizáronse preto de 130 ampliacións da capacidade das liñas de comunicación e o 100% dos órganos xudiciais dispoñen de liña de respaldo**
- **Dotouse una rede de videoconferencia, administrada de xeito centralizado, que dá servizo a 60 salas de vistas e 378 usuarios de videoconferencia persoal**
- **Implantouse o sistema de gravación de vistas nas 170 salas existentes**
- **Renováronse preto de 2.900 equipos de sobremesa e portátiles e máis de 800 impresoras**
- **Dixitalizouse o traballo dos forenses do IMEGLA co novo sistema informático Simelga, o recordatorio de citas vía sms e a axenda electrónica**
- **Completoouse o proceso de acreditación dixital dos profesionais do eido xudicial coa repartición de 2.777 das novas tarxetas intelixentes**
- **Impartíronse 51.600 horas de formación presencial e púxose en marcha a Comunidade de Aprendizaxe Virtual**
- **Publicouse o portal www.xustiza.es, www.xustiza.es, con toda a información sobre os servizos e recursos dispoñibles e a Axenda de Sinalamento de Vistas**
- **Creouse un Centro de Atención a Usuarios que dá soporte ás 24 horas do día os 365 días a xestiona ao redor de 30.000 solicitudes de servizo anuais**

O Goberno galego asumiu en 2009 o reto de integrar as TIC na eido xudicial galego para Xacadar unha xustiza máis áxil e próxima ao cidadán. Con este obxectivo púxose en marcha en 2009 o Plan de medidas urxentes para dar resposta ás necesidades máis inminentes e emendar unhas deficiencias históricas en materia tecnolóxica neste ámbito. O seguinte paso foi o arranque do Plan Senda 2010-2014, a a folia de ruta para integrar as TIC na Xustiza.

En cinco anos o Goberno galego investiu 23,4 millóns de euros, un 17% achegados pola entidade estatal Red.es e un 5% de fondos europeos, na mellora e renovación do equipamento e das infraestruturas tecnolóxicas, na consolidación dos sistemas de información e na formación dos usuarios nas novas ferramentas TIC.

Así se recolle no balance do plan, presentado pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia ao Consello da Xunta, e cuxos datos reflicten o grande avance na aplicación da tecnoloxía no ámbito xudicial galego, que permite á Comunidade abordar a implantación do expediente xudicial electrónico. Este é un dos obxectivos



principais do novo Plan Senda 2020, que se está a elaborar e que se aprobará no primeiro trimestre de 2015.

O orzamento para a modernización da xustiza o vindeiro ano será de 7,7 millóns de euros (4,2 do convenio asinado con Red.es e os ministerios de Xustiza e Industria, Enerxía e Turismo) e permitirá acadar tres obxectivos chave para avanzar cara ao expediente xudicial electrónico: a posta en marcha da sede xudicial electrónica, do visor do expediente xudicial electrónico e a xestión de arquivos físicos e pezas de convicción.

Equipamento e medios

As actuacións do Plan Senda lograron dotar o sistema xudicial galego dunha solución de videoconferencia, xestionada de xeito centralizado, implantada en 60 salas e con 378 usuarios de videoconferencia persoal. Realízanse 3.000 videoconferencias ao ano que permiten mellorar a organización dos procesos xudiciais, reducindo os tempos de espera e os desprazamentos de profesionais e cidadáns, co custo que isto implica.

Ademais, o plan conseguiu que a totalidade das 170 salas dispoñan de sistema de gravación de vistas, fundamental na práctica xudicial e que exige a Lei 13/2009. Iniciouse o despregamento do sistema eFidelius de gravación de vistas dixital, que estará operativo nas 113 salas das cidades ao remate de 2014. O eFidelius permite o uso de sinatura electrónica recoñecida, o que garante a autenticidade e integridade das gravacións e posibilita a delegación da realización da gravación por parte do secretario xudicial.

Completouse a renovación do equipamento ofimático, coa substitución de preto de 2.900 equipos de sobremesa e portátiles, e 850 impresoras. Actualmente, a práctica totalidade dos equipos ten menos de 7 anos de antigüidade e preto do 89% menos de 5. En 2009 só o 37% dos equipos tiñan unha antigüidade inferior a 5 anos.

Acreditación dixital

Completouse a implantación do Proxecto Kronos que permite que os 2.277 empregados públicos da Administración autonómica e da Xustiza en Galicia dispoñan da tarxeta intelixente que os acredita dixitalmente e lles permite asinar electronicamente os documentos dos procedementos telemáticos.

Con esta medida, a Xunta proporciónalles aos profesionais da Administración unha das ferramentas necesarias para avanzar cara á verdadeira administración electrónica.

Sistemas de información Minerva, Fortuny e Lexnet

Dentro do proxecto de modernización da Administración da Xustiza, os sistemas de información constitúen un pilar fundamental, por iso se adoptaron as medidas precisas



para consolidar o uso do Sistema Minerva NOX en todas as sedes xudiciais e de Fortuny, o Sistema de Xestión das Fiscalías. Ademais, habilitouse a itinerancia entre ambos os sistemas, posibilitando a comunicación telemática dos procedementos e trámites entre os órganos xudiciais e as fiscalías.

Completouse a implantación do sistema de comunicacións seguras Lexnet coa que traballan 15 colectivos e que, desde 2010, rexistrou máis de 10 millóns de notificacións. Este mes de novembro entrará en funcionamento a presentación de denuncias a través de Lexnet en órganos xudiciais da Coruña e Pontevedra.

Informatización dos rexistros civís e dos xulgados de paz

Informatizáronse os 45 Rexistros Civís e os 270 Xulgados de Paz da Comunidade proporcionándolles acceso ao sistema de Rexistro Civil en liña Inforeg. Dixitalizáronse os libros rexistrais dos 45 partidos xudiciais, máis de 6.700 tomos, que se puideron incorporar ao sistema informático.

Elaborouse un catálogo de máis de 40 formularios do Rexistro Civil en lingua galega, ao que o cidadán pode acceso desde á web para realizar, entre outras, as solicitudes de cambio de nome polo equivalente en galego; de adecuación do apelido ao galego; de inversión da orde dos apelidos; de cambio de nome polo usado habitualmente; de certificación (de nacemento, matrimonio e/ou defunción).

Dixitalización do labor forense

En 2011 implantouse o Simelga, un sistema informático de xestión, adaptado ás necesidades específicas dos máis de 100 profesionais que traballan no Instituto de Medicina Legal de Galicia (IMELGA). Este sistema está integrado co sistema de xestión procesual e leva máis de 77.000 expedientes rexistrados.

A implantación de Simelga complementouse cun novo sistema de envío de recordatorios de citas forenses á cidadanía mediante mensaxería móbil e coa axenda electrónica forense.

Rexistro de Parellas de Feito e Asistencia Xurídica Gratuíta

Tamén se creou un sistema único centralizado de parellas de feito para avanzar cara a unha tramitación electrónica deste área. As melloras no sistema para a Asistencia Xurídica Gratuíta posibilitaron que a práctica totalidade das solicitudes deste servizo se inicien telematicamente.

Desenvolveuse un sistema centralizado de rexistro de parellas de feito para a Comunidade autónoma que permitirá avanzar na tramitación electrónica dos procedementos vinculados a este rexistro e na interoperabilidade do rexistro con outras comunidades autónomas.



Portal eXustiza

En setembro de 2013 entrou en funcionamento o portal www.xustiza.es, que albergará a futura sede electrónica do eido xudicial. Entre outras funcionalidades o portal permite a consulta online das vistas a través da Axenda de Sinalamento de Vistas e un directorio de órganos, institucións e recursos xudiciais da Comunidade, así como información de interese para calquera persoa que teña que acudir aos tribunais.

Formación e Soporte

O Plan Senda 2014 impartiu máis de 1.300 cursos a todos os colectivos de usuarios que supuxo máis de 51.600 horas de formación presencial. Ademais, púxose en marcha un servizo de formación online a través da Comunidade Virtual de Aprendizaxe da Xustiza.

Creouse o Centro de Servizos a Usuarios de Xustiza (CSU) que da soporte aos 3.800 usuarios do eido xudicial, as 24 h do día, os 365 días do ano e que atende unhas 30.000 solicitudes de servizo anuais.

Nodo Tecnolóxico

Un dos obxectivos do Senda 2014 era o de establecer un nodo galego das tecnoloxías no ámbito xudicial para posibilitar a interconexión e o intercambio de información entre organismos e comunidades.

O primeiro paso foi integrar as sedes xudiciais na rede de comunicacións corporativa da Xunta de Galicia, o que permite unha maior eficiencia do servizo, eliminar a duplicidade de funcións, aproveitar as vantaxes das economías de escala e contar cun servizo de monitorización continua.

Ademais, realizáronse 127 ampliacións da capacidade das liñas de comunicación e o 100% dos órganos xudiciais dispoñen xa de liña de respaldo, que garanten a continuidade da comunicación en caso de caídas das liñas.

Renováronse as infraestruturas dos centros de procesos de datos todas as sedes xudiciais e centralizáronse no Centro de Proceso de Datos Único (CPDi da Cidade da Cultura), o aloxamento e administración da meirande parte dos sistemas xudiciais.



MÁIS DE 200 ESTUDANTES DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA BENEFICIARÁNSE DE DESCONTOS ADICIONAIS DE ATA UN 50% NAS TARIFAS DO PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO

- ***O Consello da Xunta coñeceu o contido do acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Universidade da Coruña***
- ***Esta bonificación entrará en vigor o 1 de decembro e será reintegrada a cada usuario a través da súa tarxeta***
- ***Un alumno que viaxe desde o centro da Coruña ou Oleiros ao Campus de Elviña custaralle 0,42 euros, un 50% menos que na actualidade***
- ***Estes descontos, recollidos no Plan de transporte metropolitano de Galicia, son compatibles coas bonificacións do programa tarifario social e recorrencia***

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe o acordo de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Universidade da Coruña para a aplicación de descontos adicionais aos estudantes desta universidade. Esta iniciativa permitirá a preto de 220 universitarios (segundo os datos provisionais) dos Campus da Coruña e Ferrol beneficiarse de descontos de entre un 20% e un 50% sobre as tarifas do Plan de transporte metropolitano.

Esta medida está recollida dentro do Plan de transporte metropolitano de Galicia da Consellería de Medio Ambiente, concretamente do Programa de integración tarifaria, a través da ordenación da oferta de transporte e o abaratamento do custo por viaxe aos usuarios. As axudas son concedidas pola universidade en función da renda persoal dispoñible segundo o establecido na correspondente convocatoria de axudas.

A Universidade proporcionará á Dirección Xeral de Mobilidade a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das axudas e, pola súa banda, a Dirección Xeral xestionará o pagamento mensual das axudas cos seus medios técnicos e humanos.

O sistema de bonificación para os membros do colectivo universitario será o mesmo que o que se aplica para a bonificación por recorrencia para os usuarios que superan as 40 viaxes ao mes e familias numerosas desde o 1 de decembro. Nese sentido, as viaxes realizadas nun mes por cada universitario serán contabilizadas e procesadas e o sistema realizará unha recarga dous meses despois na tarxeta pola contía da bonificación con tan só introducila no caixeiro automático.

Cómpre indicar que estas bonificacións son compatibles con outros descontos do programa tarifario (sociais, recorrencia ou familia numerosa) sen que o importe total das bonificacións poida superar o importe total da viaxe. Un dos requisitos que deberán cumprir é similar aos que se lles esixe aos usuarios xerais do plan, dispor



dunha tarxeta do Plan de transporte metropolitano de Galicia e, especificamente, estar matriculado neste curso na Universidade da Coruña.

A modo de exemplo, para un alumno que viaxe desde Arteixo, Cambre, Culleredo ou Oleiros ao Campus de Elviña custaralle 0,42 euros, un 50% menos que na actualidade; no caso de que proceda de Sada ou Carral o custo será de 0,83 euros, un 35% menos. Por outro lado, un universitario do Campus de Ferrol que viaxe desde Neda a Ferrol pagará 0,42 euros, un 50% máis barato que actualmente.

O Plan de transporte metropolitano de Galicia comezou a súa andadura no ano 2011 e, actualmente, está implantando nas áreas da Coruña, de Santiago de Compostela, de Ferrol e de Lugo, e as cifras demostran que é un éxito xa que se ten rexistrado un millón de viaxes ao mes no conxunto destas catro áreas.

O PTM (Plan de transporte metropolitano) implica unha serie de beneficios para os cidadáns, que se traducen nun aforro medio anual para un usuario frecuente do transporte público de entre 300 ata 1.000 euros, dependendo da orixe e destino dos seus desprazamentos.

Os orzamentos da Xunta para 2015 incrementan en máis dun 42% a partida para o transporte metropolitano co obxectivo de estender a súa implantación a Vigo, Ourense e Pontevedra, e incrementar o número de concellos das áreas nas que xa funciona.



A XUNTA APROBA OS TRES PRIMEIROS PRÉSTAMOS JEREMIE QUE IMPULSAN NOVOS PROXECTOS EMPRESARIAIS EN PEMES GALEGAS

- **As operacións, con condicións de financiamento moi vantaxosas, mobilizarán máis de medio millón de euros contribuíndo ao mantemento e á creación de 20 postos de traballo**
- **A través desta liña, dirixida a pemes e microempresas e que conta cunha dotación de 8 millóns de euros de fondos Feder, o Igape financia ata o 70% dos proxectos con préstamos directos de ata 1 millón de euros**
- **Apóiase a posta en marcha dunha clínica de medicina deportiva, a obtención de nova maquinaria para fundición de material mineiro e a adquisición de equipamento para a fabricación de portas de aluminio**

A Xunta de Galicia, coa finalidade de colaborar co tecido empresarial galego consolidando a recuperación económica, vén de aprobar, a través do Igape, os tres primeiros préstamos Jeremie, que impulsarán novos proxectos empresariais en pemes galegas. Esta liña, pioneira en Galicia e financiada a través de fondos Feder, ofrece ao tecido empresarial condicións de financiamento moi vantaxosas facilitando proxectos de novos investimentos, a ampliación de instalacións ou a diversificación da produción.

Neste sentido, e tal e como se informou hoxe no Consello da Xunta, as tres primeiras operacións aprobadas neste marco mobilizarán máis de medio millón de euros contribuíndo ao mantemento e á creación de 20 postos de traballos. Todas elas contarán coas vantaxosas condicións que ofrecen estes préstamos directos, con prazos de ata sete anos, contando cun de carencia, e xuros especialmente competitivos, de arredor do 1%.

A liña de préstamos Jeremie-Igape, dirixida a pemes e microempresas, conta cunha dotación inicial de 8 millóns de euros, ampliable segundo demanda. Así, nestes momentos están en avaliación outras doce solicitudes que veñen de recibirse, e que aspiran a financiarse a través duns préstamos que oscilan entre 70.000 e 1.050.000 euros.

A través desta convocatoria poden financiarse tanto os activos fixos materiais asociados ao proxecto de investimento –terreos, obra civil, adquisición de inmobles, bens de equipamento ou mobiliarios- como os activos intanxibles necesarios: aplicacións informáticas, propiedade intelectual, licenzas de fabricación ou gastos en I+D ligados a proxectos de innovación tecnolóxica.

Neste contexto, un dos proxectos aprobados, de carácter emprendedor, impulsará a posta en marcha dunha clínica orientada á medicina deportiva na cidade de Vigo. Os outros dous proxectos, de carácter industrial, permitirán a obtención de maquinaria



para unha fundición de estaño de minaría en San Cibrao das Viñas (Ourense), e a adquisición de novo equipamento para a modernización dunha empresa de fabricación de portas de aluminio en Ponte Caldelas (Pontevedra).

Financiamento empresarial

Os préstamos Jeremie-Igape constitúen unha das partes fundamentais do programa de financiamento empresarial Galicia 1000, que busca dar respostas ás distintas necesidades que poida ter a empresa en función da súa situación, incluíndo ademais instrumentos como o capital risco, préstamos participativos, préstamos bancarios bonificados para investimentos, préstamos avalados e garantías para o financiamento de operacións de circulante.

Deste xeito, a Xunta colabora co empresariado galego nas diferentes situacións financeiras que poida atravesar, co obxectivo de que ningún proxecto viable quede sen levarse a cabo por falta de financiamento, e impulsando a rexeneración do tecido produtivo, a recapitalización das empresas e a execución de novos investimentos encamiñados á creación de riqueza e emprego.



MÁIS DE 28.000 PACIENTES INCORPORÁRONSE AO PROGRAMA DE MELLORA NA ATENCIÓN A PACIENTES CRÓNICOS E POLIMEDICADOS

- *O obxectivo é rematar o ano con 33.000 pacientes incorporados*
- *Neste ano 2014 o programa está a traballar sobre pacientes que consumen máis de 11 medicamentos*
- *Como resultado deste programa, o número de doentes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica reduciuse case nun 47%*
- *O patrón epidemiolóxico responde fundamentalmente a mulleres e pacientes de idades superiores aos 70 anos*
- *Na actualidade o programa está implantado na totalidade dos servizos de atención primaria*

A conselleira de Sanidade, Rocío Mosquera, informou hoxe de que un total de 28.199 doentes se teñen incorporado ao Programa de Mellora da Calidade na atención a Pacientes Crónicos e Polimedicados dende o seu inicio ata setembro de 2014, e o obxectivo é pechar o ano con 33.000 persoas incorporados.

Esta iniciativa está a traballar actualmente sobre os pacientes que toman máis de 11 medicamentos diarios, e o fin é seguir traballando ata acadar o número de seis fármacos. Nunha primeira fase, o Programa tivo como poboación diana aos doentes crónicos e polimedicados que tomaban máis de 15 medicamentos de forma continuada durante un período igual ou superior a 6 meses. Esta fase comezou no mes de abril de 2011 cunha pilotaxe de 6 meses que se desenvolveu en 11 centros de saúde distribuídos nas xerencias da comunidade autónoma.

O patrón epidemiolóxico dos doentes responde fundamentalmente a mulleres (60%), e pacientes de idades superiores aos 70 anos (67,5%), destacando 1.417 pacientes con idades comprendidas entre os 91 e os 103 anos.

Na actualidade o programa está implantado na totalidade dos servizos de atención primaria, e como resultado desta iniciativa, o número de doentes con máis de 15 medicamentos prescritos de maneira crónica reduciuse case nun 47%.

A finalidade desta actuación é mellorar a calidade, a seguridade asistencial e a prestación farmacéutica aos pacientes crónicos e polimedicados mediante o asesoramento sobre o uso de fármacos, educación sanitaria e a axeitada colaboración entre os profesionais sanitarios.

Liñas de traballo



Durante este ano 2014 estase a mellorar a organización e xestión do Programa mediante un proxecto de colaboración entre a Consellería de Sanidade, o Servizo galego de Saúde e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ademais, continúaase co plan de formación específico, relacionado coa atención ao paciente polimedicado para chegar ao máximo número de profesionais sanitarios; coa progresión da implantación, abordándose a poboación diana do programa cos pacientes que toman máis de 11 medicamentos de xeito crónico; e co fomento da implicación dos profesionais sanitarios a través da inclusión no Acordo de Xestión de indicadores do Programa de Polimedicados.

Mellorar o cumprimento terapéutico

O programa céntrase en detectar e resolver problemas relacionados co uso de medicamentos, mellorar o cumprimento terapéutico dos pacientes crónicos polimedicados, e mellorar o coñecemento dos pacientes respecto do uso e indicacións dos medicamentos. As actuacións encamiñadas a mellorar a atención aos pacientes polimedicados deben planificarse desde unha abordaxe interdisciplinaria e multifactorial: a adherencia ao tratamento, a prescrición de medicamentos e as reaccións adversas.

Diversos estudos relacionan a polimedicación coa falta de adherencia, as interaccións medicamentosas e os efectos adversos. Todos estes factores e as súas consecuencias directas poderían ser responsables dun aumento do risco de ser hospitalizado, de sufrir caídas nos anciáns, de aumentar a morbilidade e a mortalidade.

Unha abordaxe interdisciplinario e multifactorial deste problema potencialmente pode repercutir nun aumento da seguridade e dos niveis de saúde dos pacientes, e nunha diminución do gasto en medicamentos e recursos sanitarios.

A posta en marcha e desenvolvemento deste Programa está recollida na Estratexia Sergas 2014, formando parte da Estratexia Galega de Prevención e Atención ás Persoas con Enfermidades Crónicas, onde se contempla o desenvolvemento dun programa específico orientado a mellorar a saúde e a calidade de vida dos pacientes maiores polimedicados.



A XUNTA REFORZARÁ O CONTROL E A LOITA CONTRA A VENDA DE PRODUTOS AGROALIMENTARIOS SEN ETIQUETAR

- ***O Goberno galego porá en marcha un plan de actuacións para facer fronte a este problema, que serán coordinadas desde diferentes departamentos da Administración autonómica***

A Xunta reforzará as accións de control e loita contra a comercialización de produtos agroalimentarios sen etiquetar. O Consello do Goberno galego analizou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural e do Mar que establece un plan de actuacións neste sentido, que serán coordinadas desde diferentes departamentos da Administración autonómica.

Así, realizarase unha campaña de información ás persoas consumidoras e produtoras sobre a etiquetaxe dos produtos. Tamén, se levará a cabo o apoio institucional selectivo a feiras e eventos gastronómicos nos que se respecte a legalidade e a produción agroalimentaria que se pretende exaltar estea convenientemente etiquetada. Outra das medidas incluídas neste plan de acción é o apoio á Administración local no control de feiras e mercados e dos furanchos, de forma que a Xunta poida poñer á disposición dos concellos os seus servizos de inspección para a realización dos correspondentes labores de control.

Na planificación tamén se recolle a realización dunha campaña específica de control de elaboradores de produtos lácteos tradicionais, para comprobar o cumprimento das obrigas establecidas pola normativa que ampara esta actividade, e de xeito moi particular, a obriga de etiquetar estes produtos.

Outras campañas que se desenvolverán serán as de control de produto sen etiquetar en establecementos retalistas e de información sobre a prohibición de reenchido de bebidas espirituosas. Esta última reforzase con outra campaña de control de produto sen etiquetar en establecementos de hostalaría. Por último, considérase a creación dun portelo único de interlocución cos consellos reguladores, no que estes poidan presentar as súas denuncias.

O documento establece que todas estas iniciativas serán impulsadas de xeito coordinado polos diferentes departamentos da Xunta con competencias na materia: a Consellería de Sanidade, polas súas competencias en materia de saúde pública. A Consellería do Medio Rural e do Mar, con base nas súas atribucións en relación coa loita contra a fraude alimentaria e en materia de denominacións de orixe. A Consellería de Economía e Industria e o Instituto Galego de Consumo, en relación coas súas competencias en materia de defensa dos dereitos dos consumidores. A Axencia de



Turismo de Galicia, no relativo ás súas competencias específicas e a Vicepresidencia da Xunta, polas súas atribucións en materia de Administración local.

Situación actual

Na súa análise sobre a situación actual, en canto á etiquetaxe de produtos agroalimentarios, o plan de actuacións da Xunta empeza lembrando que a correcta etiquetaxe dos alimentos é unha obriga legal dos operadores do sector que ten como finalidade garantir o traslado ao consumidor de determinada información relativa aos produtos que adquire, información relevante que ten dereito a coñecer.

O documento conclúe que no sector dos produtos alimentarios, malia que se ten avanzado moito, existen determinadas situacións nas que aínda é moi frecuente a comercialización de produtos sen etiquetar e que isto é algo que na nosa Comunidade Autónoma se dá dun xeito moito máis intenso que no resto de España, o que supón unha grave competencia desleal respecto dos elaboradores que comercializan legalmente os seus produtos.

Neste informe –elaborado pola Dirección Xeral de Producción Agropecuaria da Consellería do Medio Rural e do Mar– analízase polo miúdo a situación específica nos sectores do viño, as bebidas espirituosas, os queixos, os meles e outras producións agroalimentarias.

